

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/09
CARACTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 15 de setembro de 2008

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **15 de setembro de 2008** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D. Jesús López Penabad

Polo Grupo do PSG-PSOE

D. Ramón López Pérez
Dona María José Rodríguez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez
Agustín Reymondez Gancedo.

Concelleiros ausentes:

D.Balbino Pérez Vacas (xustifica a ausencia)

Secretario:

D. Manuel Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Olalla Álvarez de Neyra Martínez.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por riguroso orde.

2008/01.61.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE AGOSTO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión de data 26 de agosto de 2008, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez do Grupo UPRI que manifesta que ten unha cuestión que formular que é unha pregunta ao Secretario da Corporación respecto a si como Concelleiro ten dereito a pedir que conste en acta o que dí outro membro da Corporación ou so as súas propias palabras.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que quere explicar previamente ao Secretario de que se trata e que considera unha cuestión ridícula aínda que pode o Sr.Rivas Alvarez facer o que queira; e que foi que no medio dun debate o Alcalde estaba explicando o que consideraba que tiña que explicar e o Sr.Rivas Alvarez lle indica ao Secretario naquel momento que conste en acta o que está a dicir o Alcalde e por parte do Sr.Alcalde se lle contesta que é quen está no uso da palabra quen ten que pedir que conste en acta e non o Sr.Rivas e senon o Secretario co seu criterio e baixo o ánimo de resumir recolle a intervención e que non é o Concelleiro quen indica ao Secretario o que ten que constar da intervención doutro Concelleiro ou do Alcalde.

O Sr.Rivas Alvarez volta a dicir que a súa pregunta como membro da Corporación é se pode pedir que conste textualmente algo que se dí, sí ou non.

Por parte do Secretario da Corporación contestase que non é o momento de facer unha consulta de carácter xurídico sobre un asunto que transcorreu noutra sesión, e que neste momento se trata da aprobación da sesión anterior , corrixindo no seu caso as inexactitudes, erros ou omisións que poida ter .

Que se o Sr. Alcalde que é quen pode facelo, pide que se asesore por Secretaría e se responda na sesión a esa pregunta, coas limitacións que ten facelo no momento, pode o Secretario expoñer o seu criterio xenérico pero se faría de xeito mais fundamentado con tempo.

Toda vez que o Sr.Alcalde dí que como queira o Secretario, polo funcionario intervinete manifestase que o Regulamento de Organización, respecto ás actas sinala que deben recoller sucintamente as opinións emitidas, pero que nesta Corporación e noutras por determinadas traxectorias, recóllense con maior extensión, e que entende que é o Concelleiro quen ten dereito a que conste en acta a súa intervención, e outro Concelleiro o que pode e , no momento da aprobación da acta da sesión, se considera que non se reflectou debidamente un feito ou unha opinión facer constar a súa diverxencia coa redacción da acta e a Corporación vota o procedente.

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que a súa pregunta era por si había que rectificar a acta, pero que polo tanto a situación é en función do criterio xenérico do Secretario recoller as intervencións.

De seguido a Corporación, por dez votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP, e PSG-PSOE) e dúas abstencións (dos dous membros do Grupo de UPRI), acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2008/02.62- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NUMERO 118 DE 1 DE XULLO Á 178/2008 DE 30 DE AGOSTO DE 2008.

Dada conta das Resolucións da Alcadia que se epigrafían por parte do Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se procede a preguntar ao goberno municipal respecto ás seguintes resolucións:

Decreto 171/2008, en que se pide pola Alcadía que se proceda á sinalización dos postos do mercado, e que cre que o Grupo de UPRI xa fixo con anterioridade un rogo sobre ese asunto no Pleno, e se lle dixo que se estaba arranxando a rúa Douctor Moreda e non se podía sinalizar e pregunta porque antes non, e agora sí.

O Sr.Alcalde lle contesta que non recorda o seu rogo pero que no ámbito de dirección e organización que ten o Alcalde ordenou que se comprobase do mesmo xeito que para as terrazas e se pasou para que en cumprimento da ordenanza vixente, que os postos paguen o que deben.

Reitera o Sr.Rivas Alvarez que o Decreto dí que se sinalizaran.

Pregunta igualmente respecto a que no Decreto 1244 do ano 2008 aparece un pago á empresa Isidro Otero correspondente a traballos de motoniveladora e rodillo no aparcadoiro da rúa Alfredo Deaño, e quere preguntar que aparcadoiro é ese.

O Sr.Castro Reigosa como Concelleiro Delegado de Economía e Facenda manifesta que volta saír o tema e que fai referencia ao aparcadoiro na finca de Amigos da Gaita. O Sr. Rivas Alvarez pregunta se hai un Convenio firmado e o Sr.Castro Reigosa dí que neste momento non hai, é de palabra, e está pendente de ratificación.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se manifesta que hai unha factura emitida sen estar firmado un Convenio e para unha finca particular, e o Sr.Castro Reigosa contesta que se emite unha factura en función dun traballo realizado.

O Sr. Alcalde intervén manifestando que é un traballo realizado en algo que é particular, pero dunha Asociación cunha traxectoria ampla, e que se fixo para un interese público e que non é que se lle estea amañando o aparcamento a ninguén, e que simplemente prepararon un terreo para o uso do pavillón polideportivo e de todosos veciños.

O Sr.Rivas Alvarez dí que quixera ver o informe de Intervención sobre esa factura, contestando a Sra.Interventora que o seu informe foi favorable, e o Sr.Rivas Alvarez dí que se é polo tanto favorable, “miel sobre hojuelas”.

Continúa intervindo o Sr.Rivas Alvarez en relación a varias facturas de 1.856 euros que se veñen repetindo de son e iluminación, e pregunta se non hai maneira de comprar un equipo de son e iluminación cos cartos que se levan gastados.

Por parte da Sra. Alvarez Lastra, Concelleira Delegada de Cultura maniféstase que xa que se repiten as preguntas ten que repetir as respostas, facendo referencia a que as condicións técnicas dos artistas que van actuar veñen xa nos seus contratos e que se compran un equipo non se vai adaptar ás distintas condicións técnicas , elementos tales como número de focos, de micrófonos, etc. e que conste en acta que “todosos gastos que se fan en Cultura están dentro do que está presupostado para Cultura, nin un euro mas, nin un euro menos, polo que en función do diñeiro que temos, da partida económica, por Intervención están controlados os gastos dentro do presuposto para elo”.

O Sr.Rivas Alvarez lle contesta que moi ben, e que todos contentos.

O Sr.Rivas Alvarez fai referencia a continuación a unha factura para aluguer dun escenario móbil, por importe de 2.900 euros cando resulta que a actuación costou 3.900 euros, preguntando de donde é a empresa. A Sra.Concelleira de Cultura contéstalle que a empresa é de Pontevedra, e indicando o Sr.Rivas Alvarez que costa case tanto o aluguer como a actuación.

O Sr.Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, dí que ante tanta reincidencia, se o Sr.Rivas Alvarez atopa escenarios que costen menos que os traiga, pero

respostan ás necesidades técnicas, e que ás veces costan menos as actuacións ou son agasallos, pero o custo é o son, a iluminación, etc., e que o está repetindo sempre. O Sr.Rivas Alvarez resposta que o está repetindo porque ocorre constantemente.

Pasa a referirse o Sr.Rivas Alvarez a continuación a un gasto de zavorra e gravilla para obras, o Decreto 2.497 , e pregunta donde se utilizou.

O Sr.Alcalde dí que non pode dicirlle exactamente donde pero que responde á política de aprovisionamiento. O Sr.Castro Reigosa lle pide ao Sr.Rivas Alvarez que aclare mais exactamente a partida á que vai , o que procede a facer o Sr.Concelleiro e contesta a continuación o Sr.Castro Reigosa que se trata polo tanto de gastos de deportes, para a pista de Couxela, de obras para infraestructuras, etc. etc. en distintos puntos facendo mención de novo á Pista de Couxela así como a camiños e á Pista de Santalla.

A continuación o Sr.Rivas Alvarez pregunta polo Decreto 1525 relativo a un campamento urbano entre as datas 30 de xuño a 4 de xullo e un pago a OXEN deportes por importe de 9.500 euros.

Por parte do Sr.Castro Reigosa se resposta que se corresponde ás actividades de campamento urbano e que existe unha factura que vai pagar a Delegación de Xuventude da Deputación Provincial, e toda vez que se volta a preguntar polo Sr.Rivas Alvarez se contesta polo Sr.Concelleiro Delegado que a subvención da Deputación ascende ao cento por cento.

De seguido por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se pregunta por dous decretos da Alcaldía sobre mantemento de condicións de seguridade e salubridade no casco vello na rúa Antonio Otero por importe de 10.692 euros e 1.160, 74 euros e pregunta se hai mais Decretos deste tipo, e se hai mais vivendas sobre as que se actúe subsidiariamente.

O Sr.Alcalde contesta que cre recordar que non lle consta que houbera mais execucións subsidiarias pero que hai varios expedientes mais , están nese proceso, pero que non está pechado todavía; o Sr.Alcalde refírese a que se farán mais execucións subsidiarias que serán pasadas aos propietarios despois de terlles pasado avisos e que non fixeron caso e se adoptarán as medidas correspondentes de execución subsidiaria.

Prosegue preguntando o Sr.Rivas Alvarez polo Decreto 1239 correspondente a unha factura de telefonía de 460,35 euros da partida 111 e que lle parece esaxerado.

Contesta a Sra.Interventora que polos datos pode ser unha factura de cando estivo o Sr.Alcalde no Uruguay xa que o teléfono está limitado.

Formula unha pregunta asimesmo o Sr.Rivas Alvarez sobre unha resolución da Alcaldía relativa a unha transferencia da Comunidade Autonoma de 6.668 euros para un arquitecto en relación á aplicación das Normas do Hábitat, contestándose polo Sr.Alcalde que está contratado a arquitecto superior ata finais de ano, para ese fin e polo tempo da subvención, toda vez que se pregunta polo Sr.Rivas Alvarez se se contratou e que traballo vai facer.

A continuación intervén o Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista que manifesta en primeiro lugar que xa reiterou que a explicación dos Decretos debería ser mais detallada nos mesmos, de tal xeito que non tivera que facer as preguntas que vai facer.

En primeiro lugar refírese a un Decreto de 7 de xullo de número 1113, de 1.671 euros que se denomina “comidas servidas co galo da colaboración do deporte escolar” e pregunta polo número de comidas. O Sr.Castro Reigosa contesta como Concelleiro Delegado de Deportes que se tratou das comidas dos cativos que participaron nunha final provincial de deporte escolar que se celebrou en Ribadeo, e que foi un xeito de colaboración do Concello coa actividade.

Formula asimesmo unha pregunta o Sr.López Pérez sobre o Decreto 1177 por importe de 452 euros da Voz de Galicia correspondente á publicidade do Concello, intervindo a

Sra. Interventora que manifesta que cando pon so iso, se refire a esas publicacións que se fan a pé de páxina, que mencionan o Concello e que cando a publicación se refire a licenzas de obra ou a exposicións públicas do Concello eso aparece na factura.

O Sr. López Pérez pola súa parte contesta que cando é así xa o pon no Decreto, pero se fora máis amplo o texto non tería que preguntar.

Pola súa parte a Sra. Interventora pide disculpas porque o programa informático está moi limitado para a introducción de textos amplios.

A continuación por parte do Sr. López Pérez se pregunta igualmente por unha factura de 750 euros de venda de xornais e se explica pola Sra. Concelleira Delegada dona Mari Luz Alvarez Lastra que se trata da programación cultural que se publica e pola empresa en vez de cobrar por esa publicidade se cobra como venda deses exemplares que se reparten na Casa do Concello, Centros de ensino, etc.

Seguidamente o Sr. López Pérez pregunta pola adquisición de lotería da Cruz Vermella por parte do Concello, contestándose pola Sra. Interventora que non é un gasto de fácil encaixe na normativa reguladora e colocouse nos órganos de goberno na Alcaldía, porque foi efectivamente quen resolveu a compra dos números á Cruz Vermella.

O Sr. López Pérez manifesta que é unha cuestión novedosa e a Sra. Interventora dí que nunca tivo ese tipo de gasto e encadrouno donde lle pareceu.

O Sr. Alcalde pola súa parte explica que os responsables da Cruz Vermella estiveron en dúas ocasións e pediron colaboración e o xeito de colaborar foi unha papeleta de lotería para a Cruz Vermella e que xulga que 50 euros non era moito e quedou para o concello e que en vez dun anuncio para unha revista como se fai noutros casos, como o Colexio de Orfos da Garda Civil, traían unha papeleta de lotería e consultou se podía ser.

O Sr. López Pérez reitera que lle parece ben, pero que por novidoso chama a atención.

O Sr. Alcalde á súa vez sinalalle que aínda onte tiveron os da Cruz Vermella sen cobrar nada para unha proba ciclista.

Pregunta igualmente o Sr. López Pérez, sobre o Decreto de 11 de xullo por importe de 845 euros de impresión de 7.000 exemplares do boletín da muller e pregunta se se trata dun erro porque ven adjudicado a outro periódico.

Pola Sra. Concelleira Delegada se contesta que costa a metade do prezo editado no Progreso e antes se facía nunha imprenta local e de 1.500 euros pasa a esa cantidade que é unha diferenza notable.

Tamén por parte do Sr. López Pérez se pregunta por outro Decreto de 18 de xullo, o número 1.265, por importe de 372 euros de estancia e mantemento para o CIM pagado nun hotel ribadense e que non dí máis.

Pola Sra. Concelleira Delegada se contesta nun primeiro momento que se trata de participantes nunhas Xornadas pero tras deliberación coa Sra. Interventora dí que foi un caso de atención a vítimas da violencia de xénero e de que hai un acordo de que mentres que a muller que sufra unha agresión non sexa enviada a unha casa de acollida utilice un aloxamento destas características.

Por parte do Sr. López Pérez se formula unha nova pregunta en relación a unhas obras en Fonte Cavada, de carácter eléctrico, e pregunta se son traballos eléctricos que non poido facer o servizo municipal ou porque houbo que contratalos.

O Sr. Alcalde contesta que se trataba dunhos traballos eléctricos que non podía facer o servizo municipal porque había que pedir unhos boletíns de enganche e non o poden facer, e esa instalación non estaba dentro do proxecto co que se executaron as obras, e que cre recordar

que Fonte Cavada foi financiado co programa Leader pero nese proxecto non viña a instalación eléctrica e houbo que encargalo.

A continuación por parte do Sr.López Pérez se pregunta respecto aos inmobles que están en execución subsidiaria e quere facer unha sola pregunta, que é se pagaron. O Sr.Alcalde contéstalle que non lle consta que se cobrara e a Sra.Interventora sinala que ten dous en vía executiva; por parte do Sr.López Pérez se manifesta que o Sr.Alcalde deu unha explicación pero que aquí se estaba a falar dunhos prazos de ingreso.

Sen mais preguntas sobre as resolucións epigrafiadas dase por cumprido o trámite de dación de conta ao pleno, das mesmas.

2008/03/63. EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA DE USO DUNHA PARCELA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA GALESCOLA POLO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E DO BENESTAR.

Por parte do Sr.Alcalde explícase en síntese ao Pleno que o asunto xa se comento una Comisión informativa de data 11 de setembro actual, e é un caso no que xa se fixo a exposición pública e é obrigado que volte ao Pleno e se queren que se debata.

Os representantes dos Grupos municipais manifestan que manteñen o voto que efectuaron para a aprobación inicial sobre o mesmo asunto, manifestando o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que xa votaran en contra o acordo inicial e os Sres.Lopez Pérez e Rivas Alvarez, dos Grupos Socialista e de UPRI que manteñen o voto a favor.

Obra no expediente o ditame da Comisión informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta por parte da Alcaldía-Presidencia da proposta obrante no expediente e de que se trata en síntese de elevar a definitivo o acordo adoptado inicialmente tras da exposición ao público sen reclamacións do mesmo xeito que se efectuou para a cesión do terreo para as vivendas de Promoción pública, sendo a proposta a que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE ADOCIÓN DE ACORDO DEFINITIVO DE CESION DE USO DE PARCELA PARA GALESCOLA AO CONSORCIO GALEGO DO SERVIZO DE IGUALDADE E DO BENESTAR.-

Pola Alcaldía- Presidencia , á vista de que por acordo plenario de data 19 de maio de 2008 se efectuou a aprobación inicial do expediente para cesión gratuita de uso dun terreo de 1.202 m2.sito na rúa Paco Lanza a favor do referido Consorcio, e que se ten efectuada a exposición pública mediante anuncio publicado no BOP de Lugo número 132 de 10 de xuño de 2008,por prazo de quince días hábiles sen que se teñan formulado alegacións ou reclamación algunha, sinalándose de xeito expreso que se elevaría a definitivo,

Visto o preceptuado no artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais que esixe para as cesions que o acordo definitivo de cesión se adopte previa instrucción do expediente no que se leve a cabo a información pública pr prazo non inferior a 15 días, e efectuada esa tramitación, compre a adopción do acordo definitivo de cesión de uso polo Pleno Municipal, polo que

PROPONSE AO PLENO a adopción do acordo seguinte:

1º. A aprobación definitiva da cesión de uso tendose efectuada a tramitación e á vista da realización dexposición pública preceptiva sen reclamación conforme ó art.110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e seguindo a restante tramitación ata a formalización da cesión para a parcela das características seguintes:

1.- A cesión de uso dun terreo de 1.202 m2 sito na Rúa Francisco Lanza en favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2. Obxecto da cesión: Parcela cos lindes seguintes

N Edificio IES Dionisio Gamallo Fierros

S Máis do Concello

E Resto parcela matriz

O Rúa Paco Lanza

-Enderezo da parcela ou edificación : Rúa Paco Lanza.

-Referencia catastral 7525003PJ5272N0001DO

-O terreo consta no Inventario de Bens Municipais, nº de 17/100/2023 referencia do Inventario.

- Porción de 1.202m2, superficie da parcela restante que debe segregarse a estes efectos da inicial.

- A parcela é apta para a edificación dunha Galescola e para o uso educativo previstos, a tenor da cualificación no planeamento de 1977 e no Plan aprobado inicialmente, cumprindo o preceptuado en ambos planeamentos.

-Incorporase plano de parcela.

O concello ostenta a titularidade sobre a parcela e ésta está libre de todo tipo de cargas e gravames.

- Finalidade da cesión: Construcción polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dunha galescola.

- Prazo da cesión de uso : 25 anos, prorrogables por un período igual.

- O Concello deberá comprometerse a formalizar no seu momento o convenio co Consorcio para a xestión do equipamento.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por parte dos señores representantes dos Grupos Municipais de PSOE e UPRI, se manifesta o criterio favorable motivando en que xa votaron a favor no Pleno municipal para a aprobación inicial e por parte da Sra.Sanjurjo Santar do Grupo Municipal Popular maniféstase que manteñen o voto en contra do mesmo xeito.

Sen promoverse deliberación por cinco votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PSG.-PSOE e UPRI) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal Popular) acórdase ditaminar favorablemente a adopción polo Pleno municipal do acordo seguinte:

1º. A aprobación definitiva da cesión de uso tendose efectuada a tramitación e á vista da realización dexposición pública preceptiva sen reclamación conforme ó art.110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e seguindo a restante tramitación ata a formalización da cesión para a parcela das características seguintes:

1.- A cesión de uso dun terreo de 1.202 m2 sito na Rúa Francisco Lanza en favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2. Obxecto da cesión: Parcela cos lindes seguintes

N Edificio IES Dionisio Gamallo Fierros

S Máis do Concello

E Resto parcela matriz

O Rúa Paco Lanza

-Enderezo da parcela ou edificación : Rúa Paco Lanza.

-Referencia catastral 7525003PJ5272N0001DO

-O terreo consta no Inventario de Bens Municipais, nº de 17/100/2023 referencia do Inventario.

- Porción de 1.202m2, superficie da parcela restante que debe segregarse a estes efectos da inicial.

- A parcela é apta para a edificación dunha Galescola e para o uso educativo previstos, a

tenor da cualificación no planeamento de 1977 e no Plan aprobado inicialmente, cumprindo o preceptuado en ambos planeamentos.

-Incorporase plano de parcela.

O concello ostenta a titularidade sobre a parcela e ésta está libre de todo tipo de cargas e gravames.

- Finalidade da cesión: Construcción polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dunha galescola.

- Prazo da cesión de uso: 25 anos, prorrogables por un período igual.

- O Concello deberá comprometerse a formalizar no seu momento o convenio co Consorcio para a xestión do equipamento.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Polo Pleno municipal, sen promoverse deliberación, por oito votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PSOE e UPRI) e catro votos en contra (dos membros do Grupo municipal do Partido Popular) acórdase:

1º. A aprobación definitiva da cesión de uso tendose efectuada a tramitación e á vista da realización dexposición pública preceptiva sen reclamación conforme ó art.110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, e seguindose a restante tramitación ata a formalización da cesión para a parcela das características seguintes:

1.- A cesión de uso dun terreo de 1.202 m2 sito na Rúa Francisco Lanza en favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2. Obxecto da cesión: Parcela cos lindes seguintes

N Edificio IES Dionisio Gamallo Fierros

S Máis do Concello

E Resto parcela matriz

O Rua Paco Lanza

-Enderezo da parcela ou edificación : Rúa Paco Lanza.

-Referencia catastral 7525003PJ5272N0001DO

-O terreo consta no Inventario de Bens Municipais, nº de 17/100/2023 referencia do Inventario.

- Porción de 1.202m2, superficie da parcela restante que debe segregarse a estes efectos da inicial.

- A parcela é apta para a edificación dunha Galescola e para o uso educativo previstos, a tenor da cualificación no planeamento de 1977 e no Plan aprobado inicialmente, cumprindo o preceptuado en ambos planeamentos.

-Incorporase plano de parcela.

O concello ostenta a titularidade sobre a parcela e ésta está libre de todo tipo de cargas e gravames.

- Finalidade da cesión: Construcción polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dunha galescola.

- Prazo da cesión de uso : 25 anos, prorrogables por un período igual.

- O Concello deberá comprometerse a formalizar no seu momento o convenio co Consorcio para a xestión do equipamento.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/04/64.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DE GRUPO DE CLASIFICACIÓN DO PERSOAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

Dase conta por parte do Sr.Alcalde de que o asunto tamén foi sometido á Comisión informativa e que se ditaminou favorablemente por unanimidade ao apreciarse que se trataba dun erro material.

Obra no expediente o ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da Resolución da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista da aprobación inicial efectuada polo Pleno Municipal en sesión de 26 de agosto de 2008 do Presuposto Municipal para este exercicio, incluíndo o cadro de persoal e a oferta pública de emprego para o mesmo exercicio, actualmente en exposición pública , e toda vez que na mesma figuraba a creación de 7 prazas de persoal laboral fixo discontinuo para a Escola Municipal de Música de profesores de música co Grupo C1, trátase dun erro material xa que a Orde de 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das Escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón no apartado 8º que “ O profesorado das Escolas de música e danza deberá posuír a titulación correspondente ao grao medio de música e danza.”, polo que segundo o disposto no Estatuto Básico do Empregado Público , por imperativo legal, na clasificación do posto ao esixirse para o seu desenvolvemento un grao medio de música e danza deberá estar clasificado no Grupo A2 en vez de C1.

Asimesmo por Circular 12/2006, da Dirección Xeral de Formación Profesional e ensinanza especiais establece especificamente as titulacións que deben posuír o profesorado que imparta a docencia nas Escolas de Música e Danza da Comunidade Autónoma de Galicia (achégase copia).

A referida rectificación non afectará á consignación económica prevista para o posto no seu conxunto, e unicamente á súa clasificación, reducíndose a contía dos complementos na cantidade precisa para a absorción da diferenza retributiva das básicas, a tenor da analogía que coa estrutura retributiva funcional se ven mantendo para o persoal laboral.

A Alcaldía-Presidencia en virtude das súas competencias para a execución orzamentaria adoptará , de ser precisas, as medidas necesarias para plasmar dita adecuación na xestión da execución orzamentaria.

Considerando, que a competencia para a aprobación do presuposto e cadro de persoal correspondente é do Pleno municipal pero que de conformidade co disposto no artigo 21 apartados g) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril , a Alcaldía-Presidencia poderá efectuar a aprobación das bases de probas para a selección de persoal así como exercitar accións en materia de competencias do Pleno en caso de urxencia, dando conta ao mesmo na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

Considerando, que polas datas en que nos atopamos e ante a necesidade de efectuar a convocatoria interina deste persoal previsto na Oferta de emprego para o inicio en debidas condicións da Escola de música procede efectuar e tramitar a convocatoria correspondente, baixo a condición suspensiva da aprobación definitiva do presuposto.

En virtude do que antecede,

RESOLVO:

1º. A rectificación de conformidade co disposto no artigo 105. 2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común, o erro material detectado durante o período de exposición pública do presuposto, de oficio, consistente na clasificación das prazas creadas de Profesores da Escola de Música como C1 en vez de A2 como corresponde e manténdose a contía global retributiva prevista presupostariamente, e aparecendo definitivamente polo tanto con esta clasificación

2º .A dación de conta ao primeiro Pleno que se celebre a efectos de ratificación da presente resolución.”

Iniciase a deliberación explicándose de xeito sucinto o contido da Resolución por parte da Alcaldía-Presidencia e informándose por parte de Secretaría e de Intervención sobre o erro producido na titulación dos referidos postos, e da necesidade de adecuación á normativa que regula as Escolas municipais de música e o Estatuto básico do Empregado Público.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez pregúntase sobre o carácter das prazas creadas na Escola de Música e se lle sinala que terán o carácter de fixas discontinuas, e asimesmo sobre se as persoas que están traballando teñen ou non ese nivel de titulación esixido para a praza, contestándosele que de conformidade coa Orde de 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ademais pola Circular 12/2006 da mesma Consellería se establecen as titulacións que debe posuir o profesorado que imparta docencia nas Escolas de Música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia, deliberándose sobre todos estes extremos por parte dos Sres.Concelleiros.

Polos representantes dos Grupos Municipais manifestase que toda vez que se trata dun erro material e por cumprimento da normativa vixente compre a súa apreciación e rectificación de conformidade coa resolución da Alcaldía.

A Comisión Informativa, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente a ratificación da referida resolución para a adopción do acordo plenario correspondente.”

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria acórdase a ratificación da Resolución da Alcaldía anteriormente transcrita nos propios termos da mesma, de conformidade co disposto no artigo 21 apartados g) e k) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local.

2008/05/65.- DACIÓN DE CONTA DA ENTRADA EN VIGOR DO DECRETO 133/2008 de 12 DE XUÑO E DERROGACIÓN DO RAMINP EN GALICIA E ADOPCIÓN DOS ACORDOS PROCEDENTES PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE LICENZAS DE APERTURA.

Dase conta por parte do Sr.Alcalde de que o asunto tamén foi sometido á Comisión informativa e que se ditaminou pola mesma se ben con certas abstencions para o Pleno.

Por parte de Secretaría, de orde da Alcaldía, se procede en síntese a efectuar unha explicación do ditame que se transcribe de seguido , segundo obra no expediente:

“Dase conta da proposta da Alcaldía obrante no expediente xunto co informe de Secretaría sobre o asunto epigrafiado transcribíndose a mesma:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

De conformidade co interesado pola Alcaldía-Presidencia da Secretaría da Corporación , en relación á situación do procedemento de tramitación de determinadas licenzas de actividades reguladas a tenor da entrada en vigor do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, e as excluídas do mesmo, e á vista tamén das instrucións da Consellería de Medio Ambiente sobre o procedemento referido,no marco da concesión da licenza municipal de actividade, e visto o informe emitido, con carácter provisional en tanto non se dicten novas normas ou Instrucións pola Comunidade Autónoma ou se aprobe unha ordenanza municipal,

PROPONSE a adopción dos acordos seguintes:

1.-Tramitación ds proxectos , obras e instalacións así como actividades **sometidas a avaliación da incidencia ambiental** recollidas nos anexos do Decreto deberán tramitarse conforme ó mesmo.En caso de dúbida sobre as non incluídas e se se considera que merecen a cualificación de molestas, insalubres,nocivas e perigosas consorte ás definicións do art.13 da

Lei 10/1995 de Protección Ambiental de Galicia comprende que de conformidade co art.2.2 se sometan á decisión da Consellería de Medio Ambiente sobre necesidade ou non de avaliación.

2.-Tramitación dos grupos de actividades non sometidas a avaliación de incidencia ambiental:

a)Actividades suxeitas ó Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas: para as mesmas en ausencia doutra normativa de aplicación preferente, na actualidade, e deixado sen aplicación o RAMINP en Galicia deberán reconducirse á tramitación dese Regulamento de 1982 e normativa autonómica que o completa. O Decreto 292/2004, de 18 de novembro polo que se aproba o Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia manifesta expresamente na súa exposición de motivos que “ anterior no tempo, continúa vixente o Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas”. A antecitada norma autonómica derroga, efectivamente, o Anexo do Real Decreto 2816/1982, pero mantén o articulado do mesmo de xeito expreso, polo que debe entenderse plenamente vixente.

Elo implica que de conformidade co art.36 se sometan a exposición pública as obras de nova planta ou para locais que non houberan estado adicados con anterioridade á mesma clase de espectáculos ou actividades. Ademais aparte diso se se tratara de edificios parcialmente adicados a outros usos darase audiencia en todo caso aos restantes usuarios do mesmo edificio, para que presten a súa conformidade ou especifiquen, con base dabondo xustificada, as razóns subxectivas ou obxectivas da súa oposición ao outorgamento da licenza solicitada.

b)Outras actividades, distintas das anteriores, que viñan sendo tramitadas como molestas, insalubres ou nocivas, pero que se atopan excluídas por disposición legal expresa do novo Decreto 133/2008 de 12 de xuño, e que non poidan ser consideradas pola súa menor incidencia como susceptibles de procedemento de Avaliación ambiental, debendo seguirse, neste caso, a tramitación básica sinalada no Regulamento de Servizos e Lei 30/1992, e sen prexuízo da tramitación sectorial procedente. Pode facerse nembargantes un trámite de consulta ou informe a efectos de exclusión diante da Consellería de Medio Ambiente, se se estima conveniente polo órgano corporativo. A introducción dun trámite sinxelo, se ben sen exposición pública, por analoxía co establecido para os establecementos recreativos, de audiencia aos restantes usuarios do mesmo inmovible por prazo de dez días, se se trata de edificios parcialmente adicados a outros usos e cos mesmos efectos, baseándose no art.84 da Lei 30/1992.

c)Actividades inocuas.- Deberá seguirse a tramitación nos termos en que se viña efectuando, valorando no seu caso os servizos técnicos a potencialidade de molestia, insalubridade ou perigosidade obxectiva das actividades ou servizos de que se trate.

3)Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bó fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr.Alcalde dase conta do baleiro legal producido pola derogación efectuada do RAMINP, a complexidade da situación e a exclusión do novo procedemento de avaliación de incidencia ambiental de numerosas actividades, tendo que existir seguridade xurídica.

De seguido por Secretaría se procede a explicar, que xa figura un informe extenso e que en síntese, dende o 22 de xullo desaparece o RAMINP a situación das diferentes tramitacións, segundo que se vexan afectadas polo Decreto 133/2008, ou pola contra excluídas, e que no seu caso deban tramitarse conforme ao Real Decreto 2816/1982, vixente polo Decreto 292/2004 de 18 de novembro, ou queden excluídas de ambos dous e poida aprobarse pola Corporación a realización do trámite de audiencia aos restantes usuarios do inmovible onde vaia realizarse a actividade.

Iniciase deliberación intervindo varios Concelleiros na mesma, e significándose por varios Sres. Concelleiros a preocupación que supón que se faga recaer unha responsabilidade sobre a Administración Local sen transferencia de medios humanos ou materiais para o informe e control desas actividades; tamén tras da deliberación se manifesta polos portavoces dos Grupos Municipais de PP, PSOE e UPRI que se reservan para o Pleno significándoseles que se contabilizará como abstención.

Por parte do Sr. Alcalde se manifesta que o Grupo do BNG votará a favor, e que considera que a EGAMP debeu preocuparse por esta cuestión.

A Comisión, por dous votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos PP, PSOE e UPRI) acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación a proposta da Alcaldía.”

Iniciase a deliberación e por parte do Sr. Rivas Alvarez, do Grupo de UPRI, que manifesta que reitera o dito na Comisión e que hai que dar unha solución ás licenzas de actividade que estaban sometidas a distintos informes e que viña facendo a Xunta e manifesta que non está de acordo co que está facendo a Xunta e que representa un problema para o Concello de Ribadeo e outros que é unha transferencia de competencias sen consignación, e que se asumen competencias pero cada vez endebédanse mais os Concellos e considera que están metendo este asunto con calzador, e polo tanto que vaise abster, por estas razóns.

Por parte do Sr. López Pérez, do Grupo municipal socialista, manifestase que van votar a favor, que as Corporacións queren asumir funcións e hai competencias que non veñen coa dotación económica pero vaise na liña de admitir transferencias e maior autonomía, pero que lles parece, neste caso, que pode xerar unha situación de indefensión dos cidadáns que é o que lles debe preocupar sobre todo nas actividades molestas, nas que se tratamaban co RAMINP e pensa que esta situación de indefensión incluso pode producirse en certo modo para as empresas; e manifesta asimesmo que lle parece ben que se dea audiencia aos inmobles afectados e que a vida transcurra normalmente entre quen desenvolve unha actividade e os veciños.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo municipal Popular, que manifesta que tamén van votar a favor porque hai que resolver os problemas dos veciños e considera que a Xunta dalgunha maneira fai deixación do que era as súas funcións e polo tanto hai que asumilas aínda que non é tanto que se transfiran as obrigas e haxa falta de medios, porque medios técnicos teñen, arquitecto, urbanista, xurista, etc. senon porque por parte da Xunta cando se trata de regular algo que pode ser mais lucido e socialmente agradable como é a ordenación territorial, o fai incidindo incluso nas competencias dos Concellos e asumindo totalas competencias e neses casos os Concellos son menores de idade e (dí en xeito irónico o Sr. Rodríguez Andina), e ten que haber alguén serio e formal que tutele, pero cando é un choque frontal, desagradable con problemas concretos entón a Xunta de Galicia chámase a andainas e non lles parece un bo método ese de botarlle os problemas ao menor de idade e ten que significar que discrepa de que esta Xunta lles trate de menores de idade ou de maiores cando quere ou cando lle peta, segundo lles interesa.

Por parte do Sr. Alcalde maniféstase que tamén van votar a favor xa que foron quen propuxo isto a instancia dos servizos técnicos cun sentido de garantía para os veciños e que se produce unha situación en que toda a responsabilidade vai a recaer no Concello e entón é importante que os veciños cando se vaia implantar unha actividade teñan garantía de sabelo e se quere regular donde hai un baleiro legal ao desaparecer unha normativa antiga e aparecer outra que regula actividades distintas daquelas coas que se enfronta o Concello normalmente, e que agora o habitual é o queda ao arbitrio municipal e que se produce unha situación en que todos os Concellos están igual e que supón que outros terán que copiar estas medidas.

Prosegue manifestando o Sr. Alcalde que quere facer unha referencia a que se llo permiten é lamentable que a Presidencia da FEGAMP que está facendo un uso moi partidario da mesma se bote as mans á testa e se lle encha a boca cando hai cuestións da vivenda pero non

intervén nisto, que ademais se fai dun día para outro e con nocturnidade en plena época estival, e desaparece o RAMINP e hai un baleiro legal, e a verdade é que non se escoita á FEGAMP que tanto vela noutros momentos polas potestades locais.

O Sr. Alcalde por último agradece o voto favorable dos Concelleiros que teñen manifestado a súa intención e a propia abstención do grupo de UPRI.

De seguido, polo Pleno municipal, por dez votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo municipal de UPRI), respecto dos expedientes de licenzas de apertura a tramitar por este Concello, acórdase:

1.-Tramitación ds proxectos , obras e instalacións así como actividades sometidas a avaliación da incidencia ambiental recollidas nos anexos do Decreto deberán tramitarse conforme ó mesmo. En caso de dúbida sobre as non incluídas e se se considera que merecen a cualificación de molestas, insalubres, nocivas e perigosas consorte ás definicións do art.13 da Lei 10/1995 de Protección Ambiental de Galicia compre que de conformidade co art.2.2 se sometan á decisión da Consellería de Medio Ambiente sobre necesidade ou non de avaliación.

2.-Tramitación dos grupos de actividades non sometidas a avaliación de incidencia ambiental:

a) Actividades suxeitas ó Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas: para as mesmas en ausencia doutra normativa de aplicación preferente , na actualidade, e deixado sen aplicación o RAMINP en Galicia deberán reconducirse á tramitación dese Regulamento de 1982 e normativa autonómica que o completa. O Decreto 292/2004, de 18 de novembro polo que se aproba o Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia manifesta expresamente na súa exposición de motivos que “ anterior no tempo , continua vixente o Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas”. A antecitada norma autonómica derroga , efectivamente, o Anexo do Real Decreto 2816/1982, pero mantén o articulado do mesmo de xeito expreso, polo que debe entenderse plenamente vixente.

Elo implica que de conformidade co art.36 se sometan a exposición pública as obras de nova planta ou para locais que non houberan estado adicados con anterioridade á mesma clase de espectáculos ou actividades. Ademais aparte diso se se tratara de edificios parcialmente adicados a outros usos darase audiencia en todo caso aos restantes usuarios do mesmo edificio, para que presten a súa conformidade ou especifiquen, con base dabondo xustificada, as razóns subxectivas ou obxectivas da súa oposición ao outorgamento da licenza solicitada.

b) Outras actividades , distintas das anteriores, que viñan sendo tramitadas como molestas, insalubres ou nocivas, pero que se atopan excluídas por disposición legal expresa do novo Decreto 133/2008 de 12 de xuño, e que non poidan ser consideradas pola súa menor incidencia como susceptibles de procedemento de Avaliación ambiental, debendo seguirse, neste caso, a tramitación básica sinalada no Regulamento de Servizos e Lei 30/1992 , e sen prexuízo da tramitación sectorial procedente. Pode facerse nembargantes un trámite de consulta ou informe a efectos de exclusión diante da Consellería de Medio Ambiente, se se estima conveniente polo órgano corporativo. A introducción dun trámite sinxelo, se ben sen exposición pública, por analoxía co establecido para os establecementos recreativos, de audiencia aos restantes usuarios do mesmo inmovible por prazo de dez días , se se trata de edificios parcialmente adicados a outros usos e cos mesmos efectos, baseándose no art.84 da Lei 30/1992.

c) Actividades inocuas.- Deberá seguirse a tramitación nos termos en que se viña efectuando, valorando no seu caso os servizos técnicos a potencialidade de molestia , insalubridade ou perigosidade obxectiva das actividades ou servizos de que se trate.

3)Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos , trámites ou xestións sexan procedentes para o bó fin dos acordos adoptados.”

2008/06/66.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Dase conta do ditame da Comisión informativa sobre as licenzas epigrafiadas, en síntese transcribíndose de seguido o ditame obrante no expediente:

“1.-EXPEDIENTE DE LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan, tendose autorizado pola Comisión Informativa por unanimidade a inclusión na Orde do día do expediente de licenza de 1ª ocupación correspondente a Dona Yolanda Maria Hernando Fernández que foi informada favorablemente tamén polo técnico municipal e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR NAVILI S.L. PARA EDIFICIO DE VIVENDAS EN ROSALIA DE CASTRO - ESTRADA DE VILASELÁN.

Expediente nº 2008/14 tramitado a instancia de NAVILI S.L., CIF B61181293 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído de dous sotos, planta baixa, seis plantas altas e ático para 34 vivendas , garaxes e locais libres en Avda.Rosalía de Castro-Estrada de Vilaselán, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 5 de xullo de 2004 e que foi obxecto de prórroga o 22 de agosto de 2007 , expediente número 2004/174.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de setembro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA YOLANDA MARIA HERNANDO FERNANDEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PRIMEIRA EN CINXE, A DEVESA.

Expediente nº 2008/13 tramitado a instancia de Dona Yolanda Maria Hernando Fernández, interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en Cinxe, A Devesa, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 2 de marzo de 2006 , expediente número 2006/49

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de setembro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.”

De seguido polo Pleno municipal por unanimidade dos seus membros, acordase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR NAVILI S.L. PARA EDIFICIO DE VIVENDAS EN ROSALIA DE CASTRO - ESTRADA DE VILASELÁN.

Expediente nº 2008/14 tramitado a instancia de NAVILI S.L., CIF B61181293 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído de dous sotos, planta baixa, seis plantas altas e ático para 34 vivendas , garaxes e locais libres en Avda.Rosalía de Castro-Estrada de Vilaselán, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 5 de xullo de 2004 e que foi obxecto de prórroga o 22 de agosto de 2007 , expediente número 2004/174.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de setembro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal,por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA YOLANDA MARIA HERNANDO FERNANDEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PRIMEIRA EN CINXE, A DEVESA.

Expediente nº 2008/13 tramitado a instancia de Dona Yolanda Maria Hernando Fernández, interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en Cinxe, A Devesa, ao abeiro da licenza municipal de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 2 de marzo de 2006 , expediente número 2006/49

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 5 de setembro de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.”

O Pleno municipal,por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

2008/07//67.- ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA, DELIBERACIÓN DE URXENCIA DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI EN RELACIÓN AO ARRANXO DA ESTRADA NACIONAL N-642 E SENDA VERDE DO ANTIGO TREN MINEIRO.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez, do grupo municipal de UPRI, antes de comezar o punto de rogos e preguntas maniféstase á Alcaldía que o seu Grupo quere presentar por vía de urxencia dúas mocións, unha sobre o arranxo da Estrada Nacional 642 e outra sobre a recuperación como Vía Verde da senda do antigo Tren mineiro, sinalando que están relacionadas ambas. Toda vez que o Sr.Rivas Alvarez procede a iniciar a lectura en síntese da Moción, por parte do Sr.Alcalde se lle pide que faga unha exposición breve sobre a procedencia da urxencia.

Toda vez que o Sr.Rivas Alvarez volta a facer unha lectura en síntese da mesma, o Sr.Alcalde lle pide que xustifique a urxencia sinalándolle que a Corporación decidirá se a estima para o seu debate.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte intervén manifestando que a urxencia da Moción ven motivada pola situación que están vivindo de accidentes cotiáns nesa estrada e o estado da mesma e que incluso recentemente un veciño de Ribadeo desfixo a súa furgoneta; refírese o Sr.Rivas Alvarez a que houbo mais accidentes e que cando chove hai accidentes e que nun día houbo sete e sobre todo o tramo vindo hacia Ribadeo é moi perigoso e entón cre que deberían adoptar un acordo unánime, e que xa fai un ano que acordaron que se mandara un rogo da Alcaldía de que puxeran esa capa de rodadura, e todo segue igual e antes de que veña o inverno debe adoptarse ese acordo.

Por parte do Sr.Alcalde resolvese abrir un turno de opinión dos Grupos sobre a urxencia.

Intervén en primeiro lugar o Sr.López Pérez do Grupo municipal socialista, que dí que descoñece os plans que poida ter a Demarcación de estradas de Lugo respecto á Nacional 642 e que neste tramo hai que recoñecer que hai bastantes accidentes e non sabe se está previsto algún tipo de intervención, pero o seu Grupo non ten inconvinte respecto á moción.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo municipal Popular, que manifesta que o Grupo Popular presentou a semana pasada un par de mocións que eran importantes tamén unha sobre financiamento dos Concellos dende o goberno central e outra sobre algunhas aportacións para a redacción dos presupostos do 2009 e iso lle parece a forma natural ; que a estrada nacional 642, Ribadeo-Vegadeo está mal hoxe, e o estaba o ano pasado e polo tanto lle parece que vai ser unha pequena trampa meter por urxencia unha moción que pode ir polo seu camiño natural; prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina que remata de presentar días atrás dúas mocións e unha era sobre o presuposto do concello e outras sobre os presupostos xerais do Estado e os Concellos e lle parece que esa é a maneira, e que o dí, e non vai intervir moito mais que nesta cuestión e que respecto á outra claro que a recuperación da antiga rota do tren mineiro ten interese, pero o propoñente da moción sabe os anos que levan pelexando por iso e por tanto que agora sexa de urxencia en setembro de 2008 parcelle e llo dí con todo o cariño que lles parece unha trampa para debatir nun Pleno dúas mocións que en condicións normais virían unha vez e outra vez non e así sucesiva e gradualmente, e remata dicindo que esa é a posición do Grupo do Partido Popular.

Por parte do Sr.Alcalde se dí ao Sr.Rivas Alvarez manifestando que quere dicirlle con toda a cordialidade do mundo que nesto da democracia é tan importante o fondo como as formas, ou é tan importante, e enton cre que no fondo ningún dos que están aquí teñen problema coas mocións, pero que é un pouco forzado e que efectivamente hai un Grupo da Corporación que presenta unhas mocións hai tres días e como Alcalde optou por non meter ningunha no Pleno e que lle parece que por manter a cronoloxía, é meter un asunto de matute, e se fora unha cuestión de urxencia realmente motivada porque se remata de caer unha árbore, é cando é urxente.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez dicindo á Alcaldía que cada vez a situación é peor. Por parte do Sr.Alcalde convídase ao Sr.Rivas Alvarez a que en nome do seu Grupo faga a presentación das

mocións dunha maneira normal, entende que ordinaria, e que non deben ter problema, porque senon non sabe se o que quere é que non saia adiante a Moción para poder dicilo.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez maniféstase que o que quere é que se amañe o antes posible. O Sr.Alcalde replícalle que se está entrando nun debate sobre o asunto e que para debater o Alcalde non ten ningún inconvinte, pero se se debate non sabe se sae ou non, e para sometelo a debate ten que votar a urxencia.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina, se intervén manifestando que o Grupo Popular xa anuncia que se este tipo de accións se consideran urxentes vai traer de xeito gradual e reiterado todo aquilo que o Grupo Popular considere urxente ou que é necesario amañar, co cal probablemente, as accións ordinarias desaparezan por parte do seu Grupo e que están obrando de boa fe e vaise discutir as súas accións dentro de dous meses cando os presupostos xerais do Estado estean xa pechados, e polo tanto pouco servan o que se diga dende o Concello e lle parece absolutamente desproporcionado, e que xa sabe que a idea no é que se debata ou non a urxencia, senon que a ver se hai alguén que se lle poida dicir que se negou a que se amañara.

Por parte do Sr.Alcalde maniféstase que xa sabe como é a situación, e que é un “trágala”.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo de UPRI, se considera que é urxente e que é unha situación con accidentes, que non houbo desgracias, pero pode haberlas, e despois que ninguén se lamenta, que é unha situación que hai que solucionar canto antes, e se poden mandar un escrito rapidamente, e logo os responsables serán eles e non o Concello.

Intervén o Sr.Castro Reigosa, do Grupo Municipal do BNG, que manifesta que entende que unha acción é de urxencia cando depende directamente do Concello e tomar medidas para corrixir unha situación, e isto é para dirixirse á Demarcación de Estradas e non supón en ningún momento que poidan incidir na resolución do problema, evidentemente cre que esa acción debería ir a un Pleno ordinario ou extraordinario e sairá sen problemas, pero que tratar de metela desta maneira, “a tragar”, non lle parece o mais correto.

O Sr.Rivas Alvarez, reitera que a súa intención é que se solucione, non a de “tragar” e solucionar o problemas dos veciños e da seguridade.

O Sr.Castro Reigosa reitera que non está nas mans do Concello e o Sr.Rivas Alvarez lle dí que salvan a súa responsabilidade e dí se o problema e que a acción a plantexan unhas persoas determinadas.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Popular, que manifesta que a estrada nacional N-642 Vegadeo-Ribadeo non remata de estropearse o 14 de setembro e presentase como urxencia o 15 de setembro, e se os únicos inconvintes con esta estrada son os da semana pasada e por iso se presentan con urxencia, o que é o que pasa e que alguén llo explique, e que a recuperación da rota do antigo tren mineiro de Vilaodríz, que o propio proponente xa dí que elaborara TRAGSA un proxecto, pregunta se é que se enteraron onte de que estaba redatado o proxecto dende o ano 2001, e por iso ven a urxencia hoxe, e dirixíndose ao proponente o Sr.Rodríguez Andina lle dí que é unha tomadura de pelo, e xa saben cal é a manobra, e o Grupo Popular mantén o dito sobre a urxencia.

O Sr.Rivas Alvarez, nega que pretenda tomarlle o pelo a ninguén, e que ten razón o Sr.Rodríguez Andina en que se están elaborando os presupostos xerais do Estado e non veu a súa acción e veu ésta, e precisamente presentou esta acción para que se meta nos presupostos xerais do Estado, e despois de pouco vai servir, e isa é a razón, e non hai outra, e polo que se refire á outra acción sobre a capa de rodadura da estrada N-642 a razón é a da seguridade dos veciños, nada mais que iso e que se solucione canto antes.

O Sr.Alcalde dirixíndose ao Sr.Rivas Alvarez lle dí que estaba explicando as dúas accións simultaneamente, porque da segunda o Sr.Alcalde non dixo nada.

Deliberase entre o Sr.Alcalde e o Sr.Rivas Alvarez sobre se están tratando da primeira ou da segunda, manifestando o propoñente que entende que da primeira.

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Rivas que esta é a Corporación mais aberta da historia, e que van enriquecerse mutuamente e que se se trata de forzar as cousas que cada un pode facer o que queira, e mañá o Sr.Rivas Alvarez ir aos medios e dicir que son moi malos, e cre recordar que do rogo que lle fixo no seu momento, lle mandou un escrito ao Xefe da Demarcacion de Estradas , e que ao final todas as mocións veñen a Pleno e agás dúas que presentou o PP a semana pasada.

O Sr.Rivas Alvarez nega este extremo e dí que non, que ten mocións presentadas que non se trataron, e o Sr.Alcalde dí que hai algunhas de hai dez anos, cando él chegou a esta Corporación, que non se trataron.

O Sr.Alcalde dí que neste mandato son moi poucas as mocións que non se trataron no Pleno e case lle convida a que lle diga cales faltan por debater.

O Sr.Rivas contéstalle que hai unha relativa a unha subvención de 500 euros aos recién nados por parte da Xunta de Galicia e do Concello e o Sr.Alcalde contesta que é certo, e que non terá problema en traela ao Pleno seguinte.

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que non ten inconveniente en presentar con carácter ordinario unha das mocións e tratar hoxe a outra, pero que considera que a da estrada é urxente e que a responsabilidade non é do Concello. O Sr.Alcalde dille que non é agora nin despois, a responsabilidade, que a estrada non é do Concello senon do Ministerio, e que é moi importante gardar as formas.

O Sr.Alcalde manifesta que a súa responsabilidade é que isto non dexenere, e lle convida a que retire as mocións e que respecto á segunda ten algo que comentar importante sobre a segunda e lle convida a que as meta dunha maneira ordinaria e se compromete o Alcalde a incluílas no seguinte Pleno pero que se non se vai entrar nunha guerra na que non quere entrar.

O Sr.Rivas Alvarez dí que non quere entrar en ningunha guerra e que non ten inconveniente en tratar como ordinaria a segunda moción.

O Sr.Alcalde dí que sexa o que sexa é por unha cuestión de forma e non de fondo.

O Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista, dí que non teñen inconveniente nin na urxencia nin na Moción.

Sometida a votación a urxencia da primeira Moción do Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, sobre a estrada Nacional 642, obtén catro votos a favor (dos membros de UPRI e dos membros presentes do PSOE) e oito votos en contra (dos Grupos municipais do BNG e do PP), quedando rexeitada a urxencia da mesma.

O Sr.Alcalde conclúe convidando ao Sr.Rivas Alvarez a que a presente por Rexistro e no próximo Pleno aínda que sexa extraordinario se meterá, e o Sr.Rivas Alvarez contesta que así o fará.

Toda vez que por parte do Sr.Alcalde se lle pregunta se quere comentar a segunda, o Sr.Rivas Alvarez dí que non porque vai ser a mesma situación e non lles vai dar o gusto de que se repita.

Sendo as 20 h. e 55 minutos o Sr.Alcalde suspende brevemente a sesión para buscar documentación en relación ao asunto que ven sendo obxecto de debate.

Sendo as 20 horas e 58 minutos, reanúdase a sesión, e por parte do Sr.Alcalde procédese a facer referencia a un documento sobre esta rota do Ministerio de Medio Ambiente, que exhibe

no Pleno, manifestando que entende que non procede a urxencia desta moción do tren mineiro xa que sobre este asunto ten un documento dende hai un tempo, e reconece que é un proxecto moi antigo, de hai anos, de varias Corporacións, tocado en varios cumios interautonómicos, e hai un proxecto feito por TRAGSA hai anos e intentaron nunha serie de reunións co Delegado de Costas e para dar un paso adiante de xigante, porque o problema non é poñer en valor a rota senon recuperar e expropiar os terreos para que se poida unir Ribadeo con Vilaodríz. Que hai unha parte sobre todo na Pontenova e San Tirso de Abres que xa está recuperada dende hai anos, que ten unha atracción turística moi importante, e que falta a parte dende Trabada ata Ribadeo e quere dicir que Costas dende hai unhas meses xa ten aprobado o contrato para a realización dun prego de recuperación da antiga rota do tren mineiro entre a Vilavella e Trabada no tramo que falta ata concluir, e teñen aprobado un prego de condicións técnicas cun presuposto de 147.000 euros e un período de execución de 12 meses e se fará un refundido. O Sr.Alcalde conclúe que a moción é improcedente, polo tanto, por existir documentación e que o asunto vai ir adiante, e que se alegra, e que é unha cuestión que leva ahí dende hai anos e que foi paralizado numerosas veces e cre que a única cousa que se fixo é que hai dous anos que se rozou , e lle consta que se pateou, e que se fixo o proxecto de TRAGSA.

O Sr.Alcalde prosegue manifestando que o que é importante é expropiar os terreos, e que vai ser unha das sendas verdes mais atractivas de todo o Estado, podendo irse en bicicleta ata a Pontenova ou a pe, e discorrendo paralelo á ría e logo paralelo ao río, e como xa se está facendo, é improcedente pedir que se faga.

O Sr.Rivas Alvarez contesta e dí que xa dixera que retiraba a moción, e que vistas as explicacións que da o Sr.Alcalde a vai presentar por vía ordinaria e que había dúas partes na moción, e unha delas lle correspondía ao Concello, que era que se eliminase toda unha parte de eucaliptos entre a estrada e a ría, deixando somentes vexetación autóctona e ahí se decía como se propón que se faga, coas ordenanzas municipais de Medio Ambiente ou de plantacións arbóreas e dando un prazo aos veciños para que se eliminen os eucaliptos, para que iso quedara como unha auténtica Reserva da Biosfera.

O Sr.Alcalde conclúe que vista a retirada da moción sobre o antigo tren mineiro do Grupo municipal de UPRI non a somete a urxencia.

2008/08/68- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos e preguntas do Grupo Municipal de UPRI.-

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se manifesta que o seu Grupo ten unha serie de rogos e preguntas que formular:

En primeiro lugar por parte do Sr.Rivas Alvarez se fai a pregunta de se a Alcaldía ou o equipo de goberno, é coñecedor de que na fábrica de a Vilavella hai un depósito que almacena algún elemento perigoso, posiblemente contaminante para a ría, e se é coñecedor que medidas adoptou ou ten pensado adoptar.

Contesta á pregunta o Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que dí que cre que eses produtos que dí o Sr.Rivas que son tan perigosos lle parece que existían cando estaba o Sr.Rivas Alvarez, e que sempre o Sr.Rivas Alvarez fai o mesmo, e se olvida de cando estaba no goberno, e que o Sr.Rivas Alvarez polo medio ambiente nunca se preocupou absolutamente nada, e que se preocupou pola parafernalia da prensa e do medio ambiente non; e que vir agora con esa retórica e con esa pregunta, xa que efectivamente sí está, e sí saben, e así se vai tratar, como se fixo noutro caso que ten aquí o Concelleiro no uso da palabra, e que lle vai demostrar que o Grupo do BNG si traballa polo Medio Ambiente, e que o Sr.Rivas Alvarez traballa por saír na prensa e por outras cousas, e que neste caso iso estaba ahí e que se estiveron tirando á ría toneladas de ácido sulfúrico a sabendas, e o Sr.Rivas Alvarez non fixo nada e lle ven preguntando agora, e que claro que saben.

O Sr.Rivas Alvarez dí ao Sr.Cupeiro Rodríguez que ninguén lle dixo nada, e éste á súa vez dí que o químico chamou onte ao Sr.Rivas Alvarez e igual que chamou aos demais, e que non son adiviños e está como estivo sempre, como cando estaba o Sr.Rivas Alvarez.

O Sr.Rivas Alvarez contesta que esa fábrica foi privada ata fai pouco tempo.

O Sr.Cupeiro Rodríguez dí que se tratará como sexa preciso, pero que non se esqueza o Sr.Rivas Alvarez de que estaba xa alí cando él era Concelleiro de Medio Ambiente, e o sr.Rivas Alvarez dí que cando él era concelleiro aquilo era unha finca privada, e él non ía actuar nunha finca privada, indicándolle o Sr.Cupeiro Rodríguez que se é un produto perigoso que sí, e pon o exemplo do que sucedería se houbera unha riada.

O Sr.Alcalde manifesta que de todos modos esa empresa está sen actividade dende fai moitos anos, dende antes de que o Sr.Rivas Alvarez fora concelleiro.

O Sr.Rivas Alvarez pregunta se ten a licenza de actividade caducada e se se lle mandou a caducidade, e o Sr.Alcalde contéstalle que non sabe, e que se non se lle mandou a caducidade da licenza seguirá en vigor.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez dicindo que quere saber respecto do mercado semanal canto se leva ingresado dende xaneiro de 2008 ata hoxe.

O Sr.Alcalde contesta que toman nota e que lle contestarán no próximo Pleno.

A Sra.Interventora lle pregunta se se refire a liquidacións ou ingresos e o Sr.Rivas Alvarez dí que se refire ao ingresado.

Pregunta asimesmo o Sr.Rivas Alvarez sobre as sancións aos constructores e cantos pagaron.

Por parte da Sra.Interventora contéstase que dous arquitectos, pero que un deles pagou menos do que lle correspondía, e que está en vía executiva evidentemente.

O Sr.Rivas Alvarez dí que polo tanto pagaron dúas persoas, dous técnicos.

Prosegue intervindo o Sr.Rivas Alvarez e manifestando que agora que está o expediente rematado, segundo parece, e que nunha Xunta de portavoces se dera a data do 15 de xuño para dar as licenzas de primeira ocupación, pregunta se van vir ao próximo Pleno, porque xa estaba rematado o expediente.

O Sr.Alcalde contesta que os expedientes, polo menos unha parte importante deles, foron recorridos polos promotores e polo tanto en tanto non se contrapoña o informe e non se conteste ese recurso e finalice a vía administrativa, pois non se poderá dicir que se pechou o acto administrativo e non terá ningún problema en pactar o que teñen pactado, pero somentes unha consideración mais; que todos os expedientes, todos, aparte de toda a historia que se ten falado nas Xuntas de portavoces de cal era a folla de ruta, que acaba de dicir agora, cando se rematara a vía administrativa, todos deberán cumprir , algunha aínda no o fixo, determinados traballos de urbanización que estaban asignados na licenza de obra inicial e os traballos de urbanización sempre, nos Concellos normais, se fan ou antes ou durante a execución das obras e non a posteriori, e polo tanto non lle parece lóxico que aínda pechado o expediente administrativo se poida dar a primeira ocupación a alguén que non fixo o trozo de rúa que tiña que facer ou de beirarrúa e esto tamén está informado polo técnico municipal para que emita informe de si todo o que tiñan que facer está feito, de acordo co proxecto de urbanización ou do que viña na licenza de obra, non vaia ser a cuestión de que enriba de todos estes problemas se lle dea licenza de primeira ocupación sen ter rematado o que tiñan que ter antes de facer a obra ou durante a mesma.

O Sr.Rivas Alvarez dí que neso están de acordo todos.

Pregunta a continuación o Sr.Rivas Alvarez respecto a cantas empresas proveedoras do Concello teñen solicitados xuros de demora, e se hai algún ou ningún.

A Sra.Interventora contesta que lle parece recordar que un.

O Sr.Rivas Alvarez pregunta respecto a que no contrato de prestación de servizos de punto limpo e vertedoiro con URBASER figuraba a creación de puntos limpos móbiles nas parroquias e preguntan se se crearon xa ou se se van crear e donde.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, di que non e que o que se vai facer é aqueles vertedoiros incontrolados , controlalos.

O Sr.Rivas Alvarez dí que iso figuraba no Prego e o Sr.Concelleiro dí que terá que miralo que non o sabe, e que se o pon se fará.

Seguidamente formúlase outra pregunta polo Sr.Rivas Alvarez sobre o Campus de baloncesto respecto a canto aportou o Concello en diñeiro e instalacións e o número de participantes de Ribadeo que houbo.

Contesta o Sr.Castro Reigosa, Concelleiro de Deportes que o Campus está presupostado no orzamento de 2008 con 20.000 euros, que cubre dous turnos, que é o que ten unha modificación respecto a edicións anteriores; que o número de participantes chegou a semana pasada e que a documentación da empresa está sen revisar e que respecto de participantes de Ribadeo houbo 10 bolsas para cada turno e no caso deste ano se excederon e se cubriron ata 24 entre os dous turnos.

Formula igualmente unha pregunta o Sr.Rivas Alvarez respecto á Oficina de turismo se teñen os datos da afluencia de turistas a Ribadeo e o Sr.Alcalde contesta que non ten os datos agora, e o Sr.Rivas Alvarez dí que quere saber cantos asistiron, cantos de Sudamérica e cantos viñeron de Uruguay.

Formula asimesmo unha pregunta o Sr.Rivas Alvarez sobre as negociacións do Alcalde cos propietarios dos solos urbanos delimitados e se se chegou a algún acordo durante o período de exposición pública.

O Sr.Alcalde dí que él fala con moita xente, e que como é ben sabido chegar a acordos so chega naquelas cousas en que o Alcalde ten competencia, e esas cousas son cuestión de pleno e se está falando e se vai seguir falando nas Comisións de Urbanismo, e aínda practicamente están sen falar nas Comisions de Urbanismo, e polo tanto cre que cumpriu o que entre todos pactaron e que todas e cada unha das propostas se examinarán e irán a Pleno, a Comisión Informativa de Urbanismo, entre todos os que asistan e despois irán a Pleno se procede ou se a maioría o considera.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez sobre as obras das rúas Deputación e San Lázaro, se se sabe algo novo.

O Sr.Alcalde dí que sí , que saben que o día que as empecen a amañar vai ser feliz para o Alcalde porque xa non sabe que dicir e que non pode dicir o que non sabe, e o Sr.Rivas Alvarez dí que lle voltará a preguntar dentro de dous meses.

O Sr.Rivas Alvarez de seguido pregunta por un convenio que se firmou no Concello por parte de Begasa, Consellería de Industria, Sepes e o Concello para a subestación do Polígono Industrial e se sabe algo de prazos ou se se pode falar de prazos.

Contéstase polo Sr. Alcalde que se teñen que agardar a ter feita a subestación eléctrica, terían que agardar dous ou tres anos para que empecen as obras, e que a idea mantida e que pode manter hoxe, igual que o día que se asinou o protocolo e que a firma do protocolo eliminaba os posibles obstáculos por parte de Sepes para que poidera licitar as obras de execución do Polígono Industrial, porque o mesmo tempo a Sepes tamén lle garante unha parte de potencia que fora suficiente para executar as obras.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que a potencia que precisa o Polígono son 5 Mw e cando este completo e colmatado de actividade, pero para construílo non se necesita nin unha décima parte de todo iso, entón a idea e que nos próximos meses Sepes licite as obras.

Por parte do Sr. Rivas Álvarez se manifesta que pediu unha copia pero non estaba o Secretario e pide se lla poden dar, respóstándose por parte do Sr. Alcalde que non hai ningún problema, que se lle facilitará, e que é un documento público, e que o Concello tamén forma parte non como un contido económico para o que non está capacitado, pero sí respecto a unha axilización de trámites que é o que lles compete e o que agarda e que se teñen que ser tramites plenarios exista o acordo de toda Corporación.

De seguido por parte do Sr. Rivas Álvarez se formulan a Alcaldía os seguintes rogos:

En primeiro lugar, polo Concelleiro no uso da palabra se formula o rogo de se se pode colocar unha barandilla na Escola de Rinlo para subir ó desván, que parece ser que está aquilo peligroso e se se poden taponar os buratos para que non entren os paxaros.

Por parte do Sr. Alcalde se manifesta que sí, que está encargada a barandilla dende hai tempo e o carpinteiro non a da posta, e que a teñen que poñer e que esto non é excusa, pero que o reiterará.

Formula asimesmo o Sr. Rivas Álvarez o rogo de que en Rocas Blancas, xa que se desmorona o terreo, que revisen aquilo, que se corre o risco de que caiga, e que vexan a posibilidade de poñer unha rede, para o verán que ven, e pide que tomen medidas e fai tamen referencia a necesidade dunha sinal de prohibición de cans.

Por parte do Sr. Castro Reigosa se contesta que a sinal xa estaba, e o Sr. Alcalde dí que cree que xa está posta a sinal de prohibido cans.

Asimesmo formula o rogo o Sr. Rivas Álvarez de que se revisen os sifons da rede de sumidoiros e que mesmo na rúa peonil dan olores e fai referencia a que se abriu un expediente a empresa.

Contesta o Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que nega que se abriera un expediente pero que se tomarán as medidas oportunas para que se solucione o problema.

Por parte do Sr. Rivas Álvarez se dí que ten o recorte de prensa, pero que en todo caso e igual, e que o que interesa e que se amañen os sifóns, non solo ese, que hai máis na Avenida de Galicia e incluso nalgúns máis centricos ou próximos o casco.

Formula tamén o Sr. Rivas Álvarez outro rogo de que se actúe sobre as fincas en que hai maleza, que son bastantes, igual que se actuou no tema das vivendas e que igual e unha boa medida.

O Sr. Alcalde contesta que están actuando, pero que se teñen algunha finca concreta que ó indiquen, e o Sr. Rivas Álvarez resposta que na rúa Ramón González a beira do muiño hai unha que está mal e na rúa San Lázaro no cruce coa rúa Suso Peña hai outra pero hai que levar moito coidado con un pozo existente que está pegado a unha mimosa.

Por parte do Sr. Alcalde maniféstase que e complicado actuar se se trata dunha finca privada e podese facer, pero polo que sabe, e o final dun procedemento dando conta o Xulgado etc; que en todo caso, cos requerimentos cando os mandaron, aproximadamente o 70% acepta e acaban rozando e senon tamen poderán actuar.

Incidentalmente, deliberase sobre as fincas as que fixo referencia o Sr. Rivas Álvarez e outras.

De seguido, formula unha pregunta o Sr. Reymondez Gancedo, tamén do Grupo Municipal de UPRI, sobre o grupo do GRUMIR e preguntando sobre unha resolución da Alcaldía sobre as normas internas do GRUMIR e que hai dúas cousas, e unha pregunta que quería facer; que ten entendido que son doce operarios, que lle corrixan se non e así e que teñen que estar baixo as ordes da Alcaldía, Concelleiros Delegados e outros tres responsables ou encargados de diferentes servicios do Concello, e están baixo -segundo a opinión do Concelleiro no uso da palabra- en moitos xefes para doce e isto aplicado nunha empresa non sería moi loxico porque cree que se houbera unha persoa directamente encargada de coordinar incluso os operarios estarán mellor; que lle parece que se hai os Concelleiros e tres responsables mais e se mandan todos sen unha coordinación se poden producir un malestar e que na opinión de UPRI e que debe facerse así con un Concelleiro ou un coordinador e non sabe se se levou así ou e que se entendeu mal a resolución.

Por parte do Sr. Alcalde se contesta que a pregunta do Sr. Reymondez Gancedo non sabe se é unha reflexión sobre a organización do traballo que fai ao Alcalde, ou si é unha proposta para que o Alcalde delegue noutro, e que non sabe como é, e que non o entende moi ben, e lle pregunta o Sr. Reymondez Gancedo se é que lle foron dar as queixas de que os tratan moi mal.

O Sr. Reymondez Gancedo contesta que non se trata diso senon que nesta Resolución hai tantos xefes como traballadores.

O Sr. Alcalde lle resposta que non faiga caso, que o xefe é o Alcalde, e o Alcalde da instrucción e delega nos Concelleiros, e en todo caso nalgunas áreas nos xefes de servizo e que cree que están todos moi contentos e que ninguen lle dixo nada, e non sabe se lle dixeron algo o Sr. Reymondez Gancedo.

O Sr. Alcalde prosegue manifestando que non sabe se están contentos co Grupo de Goberno, pero o Grupo de Goberno está contento con eles, e ademais do que teñen que facer, fan moitas máis cousas, como non podía ser doutra maneira, e que hai moitos traballadores do GRUMIR que noutros sitios recollen ata o lixo.

O Sr. Reymondez Gancedo dí que eiqui os teñen de “chicas para todo”, o que e contestado afirmativamente polo Sr. Alcalde.

Intervén o Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, que pregunta que sería mellor, que o personal do GRUMIR se adicara única e exclusivamente as competencias do GRUMIR ou que cando non hai determinados traballos que serían as competencias mais legais, faigan outro tipo de traballos.

Pregunta igualmente si e que acaso se cambiou algo do que se facía antes respecto o que se fai agora, e que cree que non cambiou nada e que é mellor que estén facendo algo en servizo da colectividade e non que estén mirando uns para outros; o Sr. Concelleiro Delegado manifesta que na súa experiencia persoal tiña un xefe que lle decía o mesmo, que lle deixaran na empresa darlles os traballadores horas extras e xa verían como non tiñan problemas no barco; que con esto faise exactamente igual, e cando os traballadores teñen traballo aforran de pensar, e aforran de andar con argucias de chamadas, etc, para decir que están facendo determinados actos, que supostamente para algún polo visto igual non lle gusta facer, o mellor e que non e moi traballador, ou e que non vai moi dacordo co posto que ten, porque no posto que ten o que debe facer ante todo e queixarse o seu xefe antes de chamar a alguen para decir que igual é que non debe facer, e que cree que os tiros van un pouco por ahí, e todos saben e houbo fotografías destes que andan por detrás, dicindo: “que estás segando, que estás recollendo cartón.....” e dende logo que isto e un comportamento preocupante se chegan a eses extremos.

Por parte do Sr. Reymondez Gancedo se resposta o Concelleiro Delegado que pide que lle perdoe pero se referiu a unha resolución na que hai doce operarios e cinco encargados e que no quere entrar no resto.

Deliberase entre os Sr. Concelleiros sobre a cuestión.

Interven a continuación o Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, que manifesta que, como doctores ten a Santa Madre Igrexa, se hai unha proposta sobre o mando do GRUMIR e que parece ser que funciona peor se está compartido o mando, dende un punto de vista empresarial o mando e as funcións, pero pode decir que en xeral, está moi contento coa función e se alegra de que traballen e sexa un grupo tan eficaz nos traballos que se lle encomendan, e que tamén cree que sí os que fan as preguntas teñen unha orixen concreta, pero que se debe ir mais directo, non con tanta suspicacia.

O Sr. Reymondez Gancedo resposta que o Sr. Castro Reigosa e un suspicaz e que é outra cousa curiosa é o xeito de redactar que está en castelán e que é curioso por parte do Goberno.

O Sr. Alcalde lle contesta que e certo, que parece impropio deste equipo de goberno, pero estaba xa redactada e por unha cuestión de economía de tempo, pero que no se preocupe que fará a súa tradución o galego e a pasará para que se asine outra vez.

O Sr. Reymondez Gancedo a súa vez dí que alegrase diso.

Formula unha pregunta tamen o Sr. Reymondez Gancedo sobre cantos aparcamentos se contemplan na actuación integral da rúa Calvo Sotelo.

O Sr. Alcalde contesta que se é unha pregunta concreta non o sabe, e habería que mirar o proxecto e que cree que xa o viron e supón que si xa o sabe que conteste o Sr. Reymondez Gancedo.

O Sr. Rivas Álvarez, tamen do Grupo Municipal UPRI manifesta que foi él quen viu o proxecto pero non poido preguntar porque non estaba o arquitecto municipal que estaba de baixa e non poido preguntarlle cantas prazas se contemplaban, pero non hai ningún problema e que lle contesten no próximo Pleno.

Por parte do Sr. Alcalde contestase que é fácil, porque o que é imposible e facer beirarrúas e facelas mais accesibles para veciños e viandantes e que ademais siga existindo o mesmo número de prazas; que eliminase o aparcamento dunha fila e podese ampliar toda esa beirarrúa e mantense o aparcamento en batería porque a beirarrúa mantense e incluso ampliase un pouco mais, tal e como ven dende o edificio dos Molineros e segue con esa liña ata o final, pero do outro lado, ampliase a beirarrúa e se ten que eliminar a fila e se a fin de contas a fila se lle sacan os vados permanentes, etc, e a zona dende a casa da Sra. Rañón ata o cine, realmente tampouco son tantas as prazas que desaparecen.

O Sr. Reymondez Gancedo formula unha pregunta respecto a rúa donde se ubica a empresa Teleacústica, rúa Camilo Barcia, e que na saída hai un espello nunha farola que está velado e que non se ve, e pide que se arranxe.

Fai igualmente referencia a un espello na saída de Daniel Cortezón, Avenida de Galicia.

O Sr. Alcalde contesta que está revirado para abaixo e xa o mandou colocar, que está na esquina de Pizzbur e que voltou a caer, e o Sr. Castro Reigosa dí que correxiuse a semana pasada, non sabe se será que está moi baixo e xa se voltou a mover.

O Sr. Reymondez Gancedo dí que ten que rogar outra vez sobre o Stop na baixada de Noceda e pregunta se se puxo no lado dereito.

O Sr. Castro Reigosa contesta que non, que se non se puxo no lado dereito, que seguirá no esquerdo, pero ten instrucción o capataz para correxilo.

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Socialista

Por parte do Sr. López Pérez do Grupo Municipal Socialista formulanse os rogos e preguntas que se transcriben de seguido:

Formula en primeiro lugar unha pregunta dirixida o Sr. Concelleiro de Medio Ambiente, sinalando que sacou unha nota ou bando sobre as deposicións de cans na rúa e pregunta se surtiu algún efecto.

O Sr. Concelleiro resposta que os efectos lóxicamente non dependen do Concelleiro de Medio Ambiente, e que teñen a posibilidade de sanción e así ten orden a Policía Municipal no suposto de que se vexa a calqueira animal de raza canina que faga os seus excrementos nas beirarrúas e deixe a defecación, que se sancione.

O Sr. López Pérez, por a súa parte manifesta que a cuestión está moi mal e non dí que o Concelleiro Delegado teña que andar detrás coa pala, pero pregunta quen vai controlar iso porque a nota ou o bando leva un mes ou dous na rúa, e non vai decir que empeorase a situación, pero está moi mal.

O Sr. Concelleiro Delegado contesta que o único que pode facer e darlle orde as autoridades competentes e que non se lle pode decir a unha persoa que non vaia co seu can, e outra cousa é que o collan co can defecando na beirarrúa, e non o collan e o sancionen, pero que esa orde está transmitida e, independentemente de que se poida “cazar” a quen o faiga, pero lle corresponde á Policía.

O Sr. López Pérez manifestalle que preguntarlle a Policía si sancionaron a algún porque está convencido de que se salen as oito da mañá, atopan aos cans.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, pola súa parte, lle dí que pensa que todo o mundo o coñece, e que o bando foi explicitado nos medios, e todo o mundo sabe del e despois igual que no tema do lixo, ou outros casos, cada un sabe como está, pero cada persoa ou individuo e capaz de reaccionar dunha ou outra forma.

O Sr. López Pérez dí que se da por enterado.

De seguido o Sr. López Pérez formula unha nova pregunta sobre os contedores do Supermercado Consum, manifestando que hai lixiviados que están pola rúa, que cheira e que sacan os contedores para fora, e que iso non pode ser, que hai que tomar medidas e que hai queixas dos veciños sobre os contedores, e que a empresa xa foi sancionada no anterior Goberno Municipal e saben de donde ven o problema, e coa empresa surtiu efecto a sanción e

estiveron unha temporada os contedores dentro, e cando viña o camión, molestábanse en sacalos.

Prosegue sinalando que na esquina onde están hai un rego de lixiviados e se se sabe de donde ven o problema, hai que actuar e que o roga e o comenta.

Por parte do Sr. Concelleiro Delegado D. Horacio Cupeiro Rodríguez se menciona que os contedores de Ribadeo no prazo dun ano e tres meses lavaronse seis veces e algunhos, en determinados puntos concretos, se lavaron co camión novo contraincendios; que non sólo se lavaron os contedores senon que se baldeou o sitio para limpar as lixivias que existían, e que podese facer toda a demagoxia que se queira co medio ambiente, porque non depende tan sólo do Concelleiro, senon de que o cidadan colabore, e non pode ser que se lave un contedor e que o día seguinte haxa un bidón de cabezas de bonito tiradas sobre él ou a cabeza dun xato, e lóxicamente, ou se pon un Policía en cada contedor ou e complicado.

Deliberase sobre este asunto por parte de varios concelleiros.

Prosegue intervindo o Sr. Cupeiro Rodríguez decindo que foi falar persoalmente con varios establecementos e cree que o seu Goberno coas últimas medidas, a pesar de que, a través da prensa, dixo que a ordenanza se ia cumprir, quere manifestar (en relación asimesmo) que é unha das persoas para as que as vías sancionadoras aínda que son útiles, non e partidario de sancionar, senon de dar tempo, pero se a maioría quere que se sancionen ou se tome outro tipo de medidas se fará, pero eso non e a experiencia da súa vida como profesional e como Policía Xudicial que é no seu traballo e que lle indica que non se debe actuar “eiqui te collo, eiqui te mato”.

O Sr. López Pérez manifesta que as medidas as terá que tomar o Equipo de Goberno, que él sólo pregunta.

Formula unha nova pregunta o Sr. López Pérez sobre si firmaron algún contrato con Celta Prix. O Sr. Cupeiro Rodríguez contesta que llo vai contar, e o Sr. López Pérez lle pregunta, que si sí ou non o asinaron.

Contesta o Sr. Cupeiro Rodríguez que si lle dí a verdade agora mesmo non llo pode contestar, que entende que debe de estar firmado, ou debe de estar a vir, pero o que sí pode contestar e o motivo polo que se cambiou a Celta Prix, e vai decirllo xa que lle pregunta, cambiouse de Reromas a Celta Prix porque esa empresa lle estivo cobrando o Concello determinadas facturas por levar cousas do Punto Limpio que eran gratuitas e este Concello; que no mandato anterior estivo pagando cousas que eran gratuitas, entre elas os Raes e os Sinus, enton non está disposto a pagarlle a unha empresa como e Reromas por algo que era gratuito e como agora fixo que collen e devolven os cartos ese foi o motivo de cambiar a Celta Prix porque o fai mais barato e é o mesmo servizo.

O Sr. López Pérez reitera que lle pregunta polo contrato e o Sr. Cupeiro di que entende que sí, que esta asinado, pero que tampouco o pode afirmar agora mesmo, porque non o sabe.

O Sr. López Pérez formula unha nova pregunta relativa a un problema existente no campo de fútbol de cohabitación coa Sociedade Deportiva Ribadeo nas horas de entramento.

Por parte do Sr. Castro Reigosa contestase que hai un problema de entendemento que non se pode solucionar se eles non queren pero están entrenando cada un nos horarios que se estipularon, pero o de coordinación de adestramentos xa está e aínda que hai un problema no que non quere nin debe entrar o Concelleiro de Deportes.

De seguido polo Sr. López Pérez se manifesta que quere facer un rogo o Alcalde xa que na rúa Dionisio Gamallo o día seguinte das Festas un camión de moito tonelaxe con catro rodas estaba enriba das beirarrúas, perto do Concello e considera que non e normal, e viu o Concello e falou coa secretaria do Alcalde, e non sabe se se puxo en contacto con algún responsable, pero o camion estivo toda a mañan coas catro rodas, e pide o responsable que coide das aceras recen feitas, que non sabe se quedaron deterioradas, e reitera que pide que se coide do mobiliario urbano, e rogaría que no sucesivo cando hai este tipo de eventos se controlara, que lles vai no peto os veciños para todas as beirarrúas.

Formula unha nova pregunta o Sr. López Pérez en relación a rúa Picarolas que dice que está chea de baches e que xa comenzou o curso escolar.

O Sr. Castro Reigosa manifesta que eso o ten que facer o promotor e o Sr. López Pérez dí que falou de beirarrúas. Por parte do Sr. Alcalde se resposta que teñen que botar unha capa de aglomerado asfáltico, a empresa sobre toda a rúa, e que estaba pensando que falaba do calexón pequeniño que da a Balastrera, e que teñen que ser os herdeiros os que boten unha capa de aglomerado asfáltico a todo, e conta que o fagan en breve.

O Sr. López Pérez manifesta que eso está moi mal.

Por parte do Sr. Alcalde sinalase que as cousas se deben facer antes ou durante a urbanización e sempre se fixo a posteriori, e non pode ser que os veciños que se fastidien durante tres ou catro anos e que si se estropea que se repoña.

O Sr. López Pérez a continuación formula unha nova pregunta respecto a unhas obras que estivo facendo Aquagest na unión das rúas Grañal e Estrada de Vilela e que quedou nun estado vergoñoso e deixaron un socavón que todos os que pasan o consideran unha vergoña.

O Sr. Alcalde lle contesta que ten razón, pero que vaillo explicar.

O Sr. López Pérez di que ten unha nova pregunta sobre outra obra de Aquagest e que se refire a conexión ou unión entre a autovía e a zona dos Barrios.

O Sr. Alcalde contesta que eso non foi Aquagest que foron os da autovía, o que é contestado por o Sr. López Pérez que dí que Aquagest estivo traballando e deixaron barro e que estiveron traballando no punto de unión, e perto da “Casa de Pepe” e estaba con rego asfáltico e o deixaron cheo de barro.

O Sr. Alcalde contesta que poido ser unha avería nas redes pero que nas Barreiras hai varios puntos deteriorados e foi FCC que se marchou, e é cousa deles, e se foi FCC foi parecido ó de Grañal e que o rogo está aceptado.

Prosigue manifestando o Sr. Alcalde que o de Grañal e o da Estrada Ribadeo-Vilela non se repuxo porque a empresa adxudicataria das obras do carril adicional dende a rotonda para unha vía nova ou vial adicional, como alternativa a rotonda, aquela que se pedía dende o Concello e que deu como resultado a construción dun vial adicional que lle parece demasiado custo para pouca historia; que fai seis ou sete meses veu esa empresa, e dixo que ia iniciar as obras de xeito inmediato, e desapareceu, e dende aquela Aquagest está agardando e din que se vai vir outra empresa a rompelo non o amañan pero o inxusto e que pase o tempo e iso non se repoña e os veciños o padezcan, pero que non ten problema en ordenar de inmediato que o repoñan.

O Sr. López Pérez formula unha nova pregunta sinalando que pediu o acceso as facturas de Cultura, e as viu, e chamoulle a atención o importe de Ollomol de 2.783 €/mes, 1.426, etc, por unhos servizos que non está a valorar e preguntou a Interventora se alguen controlaba e lle dixo que non e roga que se controle porque por exemplo aparece por pegar Bandos nas parroquias dez horas, por actuacións de grupos no Auditorio dezasete horas e media, trece horas, etc, por traballos no Colexio Gregorio Sanz vintasete horas e media, etc, e pide que se vele porque sexa certo. Prosegue manifestando que non está decindo que non fagan as horas nin que non as teñan que cobrar co prezo que se pon eiqui pero que se faga unha orde de traballo ou algo que se cumpla, porque dende a Administración teñen que velar por iso, que o que se cobra sexa certo, e estivo coa Sra. Interventora e lle dixo que había moitas sen xustificar e que non pode ser.

Contesta a Sra. Concelleira Delegada de Cultura, Dona Marí Luz Álvarez Lastra que sinala que existe un contrato, e se fai unha proposta de horas, e logo verificase e hai unhos partes coa proposta, o numero de horas, e a verificación pola persoa encargada.

O Sr. López Pérez reitera que preguntou porque non lle parecía normal que non se controlase. A Sra. Concelleira manifesta tamén que os partes os ten a Tesoreira do Concello e están por detrás co número de horas da actividade, etc.

O Sr. López Pérez tras da explicación da Concelleira dí que é como se debe facer, eiqui e en calqueira empresa e a Sra. Interventora por a súa parte manifesta que descoñecía que se acompañaban os partes.

A Sra. Concelleira Delegada convida o Sr. López Pérez a que vexa as horas e número de persoas que figuran nos papeis e o Sr. López Pérez manifesta que confía no que lle dí.

Seguidamente o Sr. López Pérez formula un rogo respecto o presuposto do ano 2.009, e sinala que, xa se debatiu o presuposto, e cada grupo tivo a súa postura e non vai reavivar o debate e tampouco vai alabar a ninguén pero recorda que no presuposto de 1.995 sendo alcalde o Sr. Rodríguez Andina aprobouse o presuposto por unanimidade de todos os grupos, inda que xa estaba agotado, e no ano 1.996 estando o Sr. Rodríguez Andina en minoría, que tiña seis concelleiros, buscou a colaboración dos grupos do Concello e o PSOE votou a favor do presuposto, porque tres meses antes da elaboración falou cos grupos a ver se podían aportar algo os presupostos e o que logo foi criticado polo grupo do BNG, non sabe si porque non tivo en conta a proposta do BNG e sí do PSOE.

Prosegue manifestando que o Grupo Municipal Socialista está aberto como grupo político a que o Alcalde, como responsable de elaborar o presuposto con tempo dabondo, lles convoque para aportar propostas o presuposto do 2.009.

O Sr. Alcalde contesta que non sabe o que pasou en 1.995 pero o método o escolleu o BNG e lle parece que foi o acertado, e que un presuposto e algo complexo, e necesario ter unha idea do que se vai a valorar, porque lle parece que no Estado se fai así tamén, como se fixo no Concello, se fai unha proposta que se somete a debate, pode haber aportacións, e se estiman ou non, e en función diso hai maiorías ou non.

Prosegue sinalando o Sr. Alcalde que un presuposto non se fai con intencións, ou tomando un café, enriba dun folio cando non se sabe moi ben cal e a magnitude, cal e o gasto que xa está comprometido, cal e o corrente, etc etc, e que non sabe como se facía nin como o fixo o Sr. Andina antes.

O Sr. López Pérez contesta que llo está dicindo.

O Sr. Alcalde a súa vez respóstalle que llo agradece para un artigo das Festas, de como se facían os presupostos polos diferentes alcaldes, que lle parece ben, pero este ano fai unhas meses escolleron un modo que cree, deberá facerse igual para o ano que ven, e ten que dicir que deberá facelo antes, para que non sexa tardiamente como foi este, pero non ten porque arrepentirse, e desde logo, cree que non lle quita mérito a ningún alcalde de cómo teña que maniobrar para sacar os presupostos adiante, pero cree que máis debatido que éste, máis oportunidades de presentar iniciativas non sabe se foi o que máis, pero foi como o que máis na historia democrática, polo menos, porque antes non cree que se fixera así, ou sexa que non lle veña dicir, e que cree que lle quedou mala conciencia.

O Sr. López Pérez manifesta que está o Alcalde moi equivocado, está dando a entender que sería que o grupo político non lle quería aprobar os presupostos, e que depende da maneira de propoñer, e que non lle veña coas tonterías do libro das Festas, que non lle sexa demagogo, que lle repite frases que se dixeron no Pleno.

O Sr. Alcalde a súa vez dí que lle gustaría que lle propuxeran e que preferiría que tivera once votos en vez de oito, pero o método o estableceron así.

O Sr. López Pérez lle dí que faiga o que queira.

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Popular

Interven, en primeiro lugar, a Sra. Sanjurjo Santar, do Grupo Municipal Popular, que fai mención a que a Deputación xa lle pediron que quince veces a limpeza das estradas municipais que lle correspondían e que siguen pedíndoo.

O Sr. Alcalde contesta que ten algo que comentar a isto.

A Sra. Sanjurjo Santar menciona que en Vilela xa pasan as silvas pola estrada adiante e en Covelas, ou rozan, ou cambian a sinalización vertical.

O Sr. Alcalde manifesta que ten que dicir sobre este extremo que e lamentable, porque nunca tal pasou e se chega a pasar no seu goberno coas pistas municipais estando así, creen que os degolan; que chegou a falar verbalmente un par de veces co Deputado Delegado de eses asuntos, un tal Manuel Martínez que é do PSOE, pero como se fora doutro grupo e incluso, como non lle facía caso, mandoulle un escrito educado hai un par de meses decíndolle que xa estaban entrando no verán e que non se sabía nada da desbrozadora, ese escrito

contestarónllo hai unha semana máis ou menos, e a verdade e que é bastante lamentable a maneira en que llo contesta, argumentando que, como xa lle dixera iba a subcontratar, e que a empresa era a que era e que o ámbito de Ribadeo estaba nun sector da zona da Mariña Oriental, que ían empezar en certa data e que era o que lle tiña que informar, pero además decíalle que tivo oportunidade de pedir que lle pagaran o Concello para que desbrozara, e efectivamente, hai una opción de que paguen o desbroce, pero optouse porque desbrozara a Deputación, non quixeron ganar máis ou menos, xa tiñan dabondo coas vías municipais e optaron por facelo que lles parece ordinario, e que a Deputación desbroce as súas pistas e que é lamentable que a día de hoxe esté sen desbrozar, despos do verán a Estrada da Devesa, a de Vilela, etc., pero xa non poden medrar máis e xa se deitou a maleza.

O Sra. Sanjurjo Santar dí que as silvas van a ras da estrada por moitos sitios.

O Sr. Alcalde sinala que aínda onte falou co Sr. Cupeiro Rodríguez e para o ano que ven, como non se fían da Deputación, que digan canto van pagar por kilómetro para ver se compensa contratalo cunha empresa, porque o que non van aceptar e poñer diñeiro municipal para arranxar as estradas da Deputación, que eso o sinte polos veciños, pero non van entrar, así haxa que facer una execución subsidiaria e cobrarlle despos a Deputación.

A Sra. Sanjurjo Santar manifesta igualmente que onte as nove da noite máis ou menos no aparcamento municipal non había luz, coas farolas apagadas, e en Ramón González tamén, que non sabe se é un problema de horario de fotocélulas, pero pide que se revise.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, manifesta que pode contestar porque lle chamou a atención, e en Ramón González eran as nove e cuarto máis ou menos.

Deliberase sobre o asunto intervindo varios Concelleiros e manifestándose no debate e na deliberación que se trataba de unha noite de lúa chea.

A continuación a Sra. Sanjurjo Santar manifesta que o paso de peons que sae de Luz Pozo Garza, que cruza na Virxe do Camiño cambiouse de trazado, porque saía dunha rúa e aparecía nun aparcamento, pero agora non se pode subir a beirarrúa, porque hai un seto.

O Sr. Alcalde contesta que efectivamente, que mandou reparalo.

O Sr. Rivas Álvarez, por a súa parte, dí que fixouse e que cree que está amañado.

Por parte da Sra. Sanjurjo Santar se formula o rogo de se se pode poñer un par de bancos no teleclub de Arante alí fora, que llo agradecerán, e manifesta que en todas as parroquias agora teñen bancos.

O Sr. Alcalde manifesta que en Vilaframil foi a Comunidade de Montes, sinalando a Sra. Concelleira Delgada de Cultura, que pensan que foi o Concello, e o Sr. Alcalde precisa que foi a Comunidade de Montes e pedíronlles axuda o Concello para a colocación, pero non os pagou.

A continuación o Sr. Duarte Díaz, igualmente do Grupo Popular, pregunta se se sabe de quen é o terreo dos eucaliptos enfrente do Castelo de San Damián e que alí ubicaronse dous bancos que estaban un polo pasillo e outro polo medio e desapareceron, e pregunta sobre a propiedade, e se é privado ou público.

O Sr. Alcalde contesta que non o sabe e deu orde de cambialos e non sabe se os recolocaron cerca do Cargadoiro.

O Sr. Duarte Díaz manifesta que, cando houbo a concentración parcelaria, ten entendido que eso pasou o Concello pero pide que se comprobe si e propiedade privada ou pública e que oiú esa conversación de que pasara a propiedade do Concello e pide que se comprobe.

O Sr. Alcalde dí que eso está ben e se resulta que é propiedade pública a partir de agora as cousas que se lles digan as comprobaran, e non as tomarán tan a lixeira.

O Sr. Duarte Díaz refírese a que no calexón “Das Mariñas” que está a beira do Cabas, moitos fines de semana desfrenan o contedor e poden coller a alguen e haber danos persoais e quere decilo a ver si se axilizan e se lle pon un suxeita contedores.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado, manifesta que ten toda a razón e que un problema que non teñen solo alí, senon noutros puntos do casco vello e que é complexo, que andan por ahí máis os Concelleiros que él (aclarando que é porque viven por ahí) e se refire a os problemas cos contedores nesa zona.

O Sr. Duarte Díaz dille que o Delegado de Medio Ambiente ten unha tarefa moi complicada e que moito se precisa a colaboración do cidadan e vanlle enriba, e non ten a culpa, e é do cidadan.

A continuación o Sr. Duarte Díaz se refire a beirarrúa que ven dende O Xardín por onde está Alimerka e remata no camiño entre o Alimerka e a Casa de Sela e se fixo unha rebaixa, pero como non hai ningunha prohibición hai coches que aparcen, e polo tanto, nese tramo hainos aparcados e as amas de casa lle dixeron que non poden subir a beirarrúa porque toda está chea de aparcamento, e reitera que non e posible o seu uso e pide que se pinte de marelo para que polo menos a Policía Local actúe.

O Sr. Alcalde dí que o sabe perfectamente.

O Sr. Duarte Díaz se refire tamén as barandiñas a altura do Bar Queimada que se sacaron, e que podería poñerse a mesma xa que a xente baixase da beirarrúa e pode ser perigoso; prosegue manifestando que hai un rebaixe de aceiras ou un chaflán e no tempo que gobernaron co mérito do Concelleiro de Medio Ambiente da época puxeron as barandiñas de aceiro inoxidable no Bar Queimada e sacouse e cecais se non se poda poñer a mesma, pero si recortada.

A continuación intervén o Sr. Rodríguez Andina que se refire en primeiro lugar a un espello na rúa Enxeñeiro Schultz e na saída; o Sr. Alcalde contesta que sabe de que caso se trata.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina se manifesta a continuación que vai efectuar unhos rogos, e que o primeiro deles e respecto a sinalización, sinalando que, cando gobernaron os membros do Partido Popular fixeron un plan de sinalización rural para os veciños e puxeron moitas sinais, as que lles pediron os veciños e quedou perfectamente, pero foronse destrozando e, canto mais se tarde en repoñer e mais caro, e se se amaña pouco a pouco vaise facendo e si se sinaliza tanto no caso urbano, non era malo que se faga tamen no rural.

Formula o segundo rogo o Sr. Rodríguez Andina sobre infraestructuras en xeral, que quere dividir no que atinxe a actuación física sobre elas é a actuación de efectividade; que despos xa sabe que lle poden decir que algunha construción puido ter algun defecto e quere mencionar a Casa da Ría ou o Auditorio e poden telo todo o que queiran, pero con todos os defectos, terán que poñerlle algunha man posto que dan un servizo e estan ahí e se esas infraestructuras se deixan van ir a peor.

Prosegue sinalando que no que atinxe a Casa da Xuventude e Viejo Pancho, por favor, que as poñan a andar e que se fixo unha inversión e é unha tristura, que algunha leva cinco anos ahí dormindo o sono dos xustos, e pide que lles poñan un montón de actividades, que presuman, que non van dicir nada, pero que se poñan a andar.

Sinala, asimesmo, o Sr. Rodríguez Andina que quere formular unha pregunta sobre as execucións subsidiarias de obras do casco vello e pregunta se están advertidos todos os que teñen deficiencias, sobre todo os mais significativos, que está ben que se advertira e amañase o Cine Colón e que se chegue a un acordo respecto o Colexio das Monxas, pero hai outra serie de edificios significativos que deben ser tratados co mesmo raseiro.

O Sr. Alcalde contesta que as actuacións que se fan responden as que ofrecen os tres aspectos seguintes: salubridade, seguridade e ornato, que se parte de informes da Policía e Técnicos do ARI e que unha cousa e os que se poden ver a simple vista e despois de varias advertencias

e un ultimatum a propiedade, e aceptou e cambiou, e hai outros, aproximadamente unhas doce, que e o caso da Aduana Vella e outros que están os expedientes iniciados, que algúns van rematar en execución subsidiaria e outros en multa coercitiva ou en rehabilitación, pero o que queren e ir avanzando un por un; que no caso do Edificio do “Cubano” xa está o proxecto básico e non sabe si foi autorizado por Patrimonio e o persuadiron para que entrase e rehabilitase, porque se lle mostrou a problemática se eso caía e mataba algúen, e a parte lle dixeron que si non o facía levaríase a cabo a execución subsidiaria e se presiona cos límites que marca a lei, e obvio dicir que non e tan fácil, porque as tramitacións se demoran, hai algúns que din que non son os únicos herdeiros, hai que facer unhas publicacións no boletín, unha vez notificados, contestan, e a contestación tarda varios meses, e fai días revisáronse todos cos técnicos, para ver como estaban e como se pode informar e lamenta que aínda que a situación sexa lamentable, non se pode ir máis rápido.

Sinala asemesmo o Sr. Alcalde que hai propietarios que son auténticos caraduras que teñen máis que dicir, e que non contan coa súa comprensión, e que vai ir ata o final sempre que o permita a lei; que non pode o Concello rehabilitar, pero si persuadilos e facerlles a vida complicada se non se “poñen a andar” para garantir unha mínima seguridade pública.

O Sr. Rodríguez Andina manifesta que a pregunta e a preocupación do seu grupo era que houbera un trato igualitario e ademais non tiña moita fe, pero parece que vai resultando, e que co seu grupo vai contar, xa que chegou o momento de tomar medidas, así que pide que o Alcalde non perda o fio.

A continuación dirixíndose o Sr. Cupeiro Rodríguez, o Sr. Rodríguez Andina lle dí que seguro que lavaron moitas veces os contedores e o solo, pero a pesar de todo non chega e pode levalo a varios sitios en lugares céntricos por donde pasa ese camión que fai ruído e debaixo dos contedores, debe tomar algunha medida, porque máis que adoquins hai capas de graxa e que ten todos os medios para facelo.

A continuación o Sr. Rodríguez Andina dí que quere efectuar un último rogo, e pedirlle que seguro que e moi democrático e dialogante o Sr. Alcalde, seguro que máis que o Concelleiro no uso da palabra, e rogarlle que cumpra a lei nos Plenos e que lle da igual, xa que lle gusta debatir, pero Plenos como este sendo as dez e cuarto horas, co que non se cumpre a legalidade en rogos e preguntas, e unha das normas e que non hai debate, e que sería bon que o cumprirá.

O Sr. Alcalde contesta que non o fai por mal, que o fai porque o fai así.

Interven a continuación o Sr. Cupeiro Rodríguez, que dí que quere contestar a unha situación que se puxo en cuestión, e que fai un par de meses se dixo eiqui que había persoas que tiñan dereito a presunción de inocencia e enton respecto o que dixo o Sr. Rivas Álvarez de que as xornadas de medio ambiente carecían de recoñecemento de crédito universitario; que non sabe si o viu pero hai unha resolución donde dí e así o acredita, asinado polo Vicerrector que as xornadas de medio ambiente contan cun crédito (o Sr. Concelleiro Delegado exhibe ao Sr. Rivas Álvarez un documento), e se quere lle pasa unha copia cando queira, e ve en que se basou, e como poden telo cando en determinadas ponencias hai varios profesores que imparten clase en determinadas cátedras, e non o dí o Concelleiro no uso da palabra senon o Vicerrector.

O Sr. Rivas Álvarez lle replica que dixo que non podían ter o crédito co Director do curso que tiñan pero si foi outro o que lles tramitou o curso, si.

Deliberase entre os Sres. Cupeiro Rodríguez e Rivas Álvarez sobre o que se dixo, sinalando o Sr. Rivas Álvarez que están en rogos e preguntas e non ten porque aguantar ó Sr. Cupeiro Rodríguez e non ten cabida nin lugar, e o Sr. Cupeiro Rodríguez dí que lle ten que contestar a algo que dixo o Sr. Rivas Álvarez no Pleno e nos medios, e o Sr. Rivas Álvarez lle contesta que si dixo que con ese Director non se podía ter un crédito de libre configuración e que se figura o crédito a nome doutra persoa e pregunta si si ou non.

O Sr.Cupeiro Rodríguez resposta que dí o que dí, e o Sr.Rivas Alvarez reitera a pregunta de si é a nome doutra persoa.

Tras dunha breve discusión entre os dous Concelleiros, de seguido o Sr.Rivas Alvarez abandona a sesión.

A continuación polo Sr. Alcalde sendo as vinteduas horas e quince minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, levanta a sesión agradecendo a todos a súa asistencia, e extendéndose a acta presente do que, como Secretario, certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,